

ANEXO I

Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e VIDEOXOGO PUNTOGAL. ASOC GALEGA DE VIDEOXOGOS E CONTIDOS INTERACTIVOS para a xestión e realización das actividades do programa de desenvolvemento do Polo de Aceleración no sector dos videoxogos para impulso do sector financiado ao 100% no marco do eixo REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia da Covid-19.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en nome e representación da Axencia Galega das Industrias Culturais con NIF Q6550009B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, en calidade de presidente do Consello Reitor no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, modificado polo Decreto 53/2021, do 18 de marzo, polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais

Doutra parte, María Luz Castro Pena, en nome e representación da entidade VIDEOXOGO PUNTOGAL. ASOC GALEGA DE VIDEOXOGOS E CONTIDOS INTERACTIVOS con NIF G70573159, na súa condición de presidenta da asociación en virtude das facultades emanadas do acordo da súa Asamblea Xeral de 27 de novembro de 2021.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, e recoñécense mutua e reciprocamente capacidade para obrigárense mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN:

Primeiro.- A Axencia Galega das Industrias Culturais está desenvolvendo un programa de impulso da innovación no sector audiovisual e do videoxogo co obxectivo de posicionar a

Galicia como un referente na xeración de contidos e producións competitivas a nivel global e, particularmente, fomentar a competitividade tecnolóxica e non tecnolóxica das empresas galegas de toda a cadea de valor tanto no campo do audiovisual como do videoxogo.

Segundo.- Que a Axencia Galega das Industrias Culturais deseñou, entre as liñas de acción para o impulso do Hub audiovisual, unha dirixida á captación e apoio ao talento, para que a través de polos de aceleración se poida instrumentalizar un elenco de ferramentas que permita a profesionalización empresarial da base creativa da industria galega, particularmente en campos como o videoxogo. Esta liña de acción conta co financiamento do Fondo Europeo FEDER que financia actividades ao 100% dentro do eixo REACT-UE, do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia da Covid-19, no marco do Obxectivo específico OE 20.1.3.2- OE REACT-UE 3.2 “Apoio a medidas de acuda económicas nas rexións mais dependentes dos sectores máis afectados pola crise COVID-19, concretamente encaixa na liña de actuación 81 “Medidas de impulso ao sector audiovisual”, categoría de intervención 067 e actuación CPSO 20.1.3.2.4 Axudas para o impulso da industria cultural e creativa galega.

Terceiro.- O programa do Polo de aceleración está dirixido a proxectos emprendedores polo que as beneficiarias deberán ser novas empresas, físicas ou xurídicas, con menos de 10 meses de existencia, dende o seu inicio de actividade en calquera dos ámbitos da cadea de valor da industria dos videoxogos e contidos interactivos, con sucursal ou oficina permanente na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea e que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia.

Cuarto.- A entidade VIDEOXOGO PUNTOGAL. ASOC GALEGA DE VIDEOXOGOS E CONTIDOS INTERACTIVOS conforme a Resolución da Agadic de data 28 de abril de 2022 resultou seleccionada como entidade colaboradora na xestión e realización do programa do Polo de aceleración do sector de videoxogos.

Quinto.- Ambas partes, por razóns de eficacia na xestión e a fin de acadar unha mellor prestación dos servizos aos beneficiarios do programa e, de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto da colaboración

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión das axudas e fondos destinados aos participantes nas actividades

que comprenden o programa do Polo de aceleración do sector de videoxogos e que serán seleccionados entre empresas novas do sector, co fin de fortalecer e impulsar este segmento.

Segunda.- Entidade colaboradora

VIDEOXOGO PUNTOGAL. ASOC GALEGA DE VIDEOXOGOS E CONTIDOS INTERACTIVOS é unha entidade colaboradora que cumpre cos artigos 3 e 6 da resolución pola que se convoca o procedemento de selección de entidades colaboradoras para a xestión das actividades destinadas a desenvolver o programa do Polo de Aceleración do sector dos videoxogos, incluído como parte das liñas de actuación do Hub audiovisual e das industrias culturais de Galicia.

Terceira.- Obrigas da entidade colaboradora

A entidade colaboradora, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do establecido na resolución pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión e desenvolvemento das actividades do programa, ten as seguintes obrigas:

1. Desenvolver as actividades que forman parte do Polo de aceleración cara aos beneficiarios da convocatoria . Estas actividades consisten en:
 - ✓ Captación de proxectos e empresas participantes. A Asociación porá en marcha unha campaña para a captación de proxectos e empresas para dar a coñecer o Polo de Aceleración e divulgar a convocatoria de selección de proxectos e empresas para participar no programa.
 - ✓ Organizar a aceleración intensiva. A aceleración intensiva consiste nunha etapa de consultaría de 140 horas de duración por proxecto seleccionado cunha duración estimada de 5/6 meses. As actividades de aceleración intensiva están pensadas en forma presencial e telemática. Os servizos de consultaría previstos son:
 - ✓ Consultaría individual: 40 horas por proxecto participante en materias como : modelo de negocio e plan de empresa (20); aspectos financeiros (6 horas); comercialización e marketing (8 horas) outros, segundo necesidades específicas (6 horas). A entidade colaboradora deberá deseñar un plan de consultaría a medida para cada proxecto seleccionado segundo as súas necesidades, polo que esta previsión de materias e horas é estimativa.
 - ✓ Consultaría grupal: 40 horas en materias comúns aos proxectos como: definición e validación do modelo de negocio, análise de mercado e marketing; organización e

- xestión de empresas; internacionalización, dereitos e propiedade intelectual; captación de financiamento... a entidade colaboradora deberá elaborar o plan de consultaría grupal en función dos intereses conxuntos dos proxectos seleccionados.
- ✓ Mentorización: 10 horas por proxecto desenvolta por empresarios, directivos ou persoas con ampla experiencia empresarial no sector dos videoxogos e creación de contidos interactivos. A entidade colaboradora seleccionará ás persoas responsables da mentorización acorde co perfil dos proxectos seleccionados
 - ✓ Accións de Innovación no sector dos videoxogos de Galicia. Organización e desenvolvemento xornadas con unha duración de entre 4 e 8 horas, na que expertos de relevancia nacional e internacional en temáticas de interese para o sector expoñan experiencias e interactúen cos participantes no programa.
 - ✓ Evento final de presentación de proxectos. Exposición pública de proxectos para o que se reservará un tempo de consultaría específico.
 - ✓ Xestionar a mobilidade internacional. Esta medida prevé a participación dos beneficiarios do programa en eventos e actividades profesionais internacionais, como conferencias, feiras, misións comerciais directas e congresos de carácter internacional relevantes no eido dos videoxogos e contidos interactivos.
 - ✓ Consultaría de seguimento. Baixo este epígrafe recóllese a última fase para os proxectos que desenvolveran con éxito a fase de aceleración intensiva, obtendo un acompañamento de consultaría para abordar cuestión xurdidas ao longo do programa.
2. Ser a depositaria dos fondos para sufragar os custes de todas as actividades que conforman o programa do Polo de aceleración de videoxogos, sen que en ningún caso estes fondos se consideren integrantes do seu patrimonio.
 3. Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos depositados na conta para o programa e, de ser caso, coas instrucións específicas dadas por Agadic.
 4. Informar puntualmente da execución contable do programa, coa finalidade de realizar un seguimento continuo.
 5. Reintegrar os fondos públicos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da participación no programa e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Cumprir, en materia de protección de datos, co Regulamento (UE) nº 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.
 7. Dispoñer de libros e rexistros contables para facilitar a adecuada xustificación dos fondos e a comprobación das condicións establecidas.

8. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes as actuacións realizadas.
9. Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar Agadic, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa compensación concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión, ás comprobacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
10. Comunicar a AGADIC os logros acadados nos indicadores:
 - C001- Número de empresas que reciben axudas
 - C002- Número de empresas que reciben subvencións
 - C004- Número de empresas que reciben axudas non financeiras
 - C005- Número de novas empresas beneficiarias da axuda
11. Cumprir cos requisitos e obrigas impostas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, particularmente, co disposto nos seus artigos 10 e 12, así como polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
12. Cumprir a normativa aplicable ao FEDER, en particular, o regulamento (UE) nº 1303/2013 e ao regulamento (UE) nº 1301/2013, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.
13. Dar publicidade nas publicacións, relatorios, equipos, material inventariable e actividades de difusión de resultados derivados da axuda o financiamento con fondos estruturais da Unión Europea. Ademais, deberá publicar na páxina web, como mínimo, os obxectivos e os principais avances. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia e a frase «Axencia Galega das Industrias Culturais» así como financiado con cargo aos Fondos FEDER. Así mesmo, deberá informarse que foi apoiado pola Xunta de Galicia.

As instrucións detalladas relativas ás obrigas de publicidade da axuda estarán a disposición na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<http://www.agadic.gal>),

Ao tratarse dunha actividade financiada con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2, do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 e atendendo ao sinalado no capítulo II do Regulamento de execución (UE) núm. 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se

establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, o beneficiario deberá, durante a realización da operación:

1. Recoñecer o apoio do FEDER á operación mostrando, en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o emblema da Unión, así como referencias á Unión Europea, ao Fondo FEDER e unha mención a que a operación está financiada como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19. Tamén se incluírá o lema «Unha maneira de facer Europa».

2. Informar o público do apoio obtido do FEDER durante a realización do proxecto facendo unha breve descrición na páxina web da entidade beneficiaria, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. Cando se mencione o Fondo FEDER completárase cunha referencia relativa a que se financia como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

Cuarta. Obrigas de Agadic

A Axencia Galega das Industrias Culturais previo ao inicio do programa, deberá liberar o crédito necesario para realizar o pagamento total do custe das actividades que compoñen o programa do Polo de Aceleración do sector dos videoxogos.

Definir a imaxe do programa en todos os soportes físicos e dixitais.

Compensar os gastos en que incorra a entidade colaboradora ao abeiro do artigo 13. M) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Quinta. Operativa da xestión do programa

O programa de actividades do Polo de aceleración en videoxogos consiste no acompañamento a empresas de nova creación que estean traballando no sector dos videoxogos para desenvolver produtos, bens e servizos para a súa comercialización.

Agadic realizará unha convocatoria pública para a selección das empresas e dos proxectos que serán os beneficiarios deste programa do Polo de Aceleración de Videoxogos, un máximo de 20 beneficiarios en dúas quendas, cunha duración de un máximo de 6 meses por quenda.

A entidade colaboradora deseñará dúas programacións de aceleración intensiva para realizar as actividades que se sinalan na cláusula terceira deste convenio. Para o caso de que a entidade subcontrate parcialmente as actuacións obxecto do convenio a excepción das súas funcións de intermediación, supervisión e control deberá respectar o establecido no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na seguinte táboa figuran os custos máximos admisibles, que deberán responder a prezos de mercado, por concepto de gasto que abranguen o total do programa de desenvolvemento do Polo de aceleración:

CONCEPTO DE GASTO	UNIDADES	CUSTE UNITARIO	TOTAL
CONSULTARÍA INDIVIDUAL	800 HORAS	100 €	80.000,00 €
CONSULTORÍA GRUPAL	120 HORAS	175 €	21.000,00 €
MENTORIZACIÓN	200 HORAS	100 €	20.000,00 €
ACCIÓNS INNOVACIÓN VIDEOXOGOS	8 ACCIÓNS	5.000 €	40.000 €
PRESENTACIÓN DE PROXECTOS	80 HORAS	100 €	25.000,00 €
	EVENTO	17.000 €	
MOBILIDADE INTERNACIONAL	20 BOLSAS	4.000 €	80.000,00 €
CONSULTARÍA DE SEGUIMIENTO	160 HORAS	100€	16.000,00 €
CAMPAÑAS DE DIFUSIÓN	2 CAMPAÑAS	4.000 €	8.000,00 €
TOTAL			290.000,00 €

Estes conceptos de gasto, ao ser unha previsión, poden sufrir variacións de tal forma que incrementen ou diminúan o importe establecido, sen que iso supoña alteracións da finalidade para que foron concibidos e sempre que non se modifique o importe total destinado á actuación.

A entidade colaboradora implementará o desenvolvemento das actividades segundo a proposta técnica remitida na selección de entidade colaboradora, coas achegas e suxestións que poda realizar Agadic en todo momento para o correcto desenvolvemento e consecución do fin que se persegue con esta iniciativa.

Rematado o programa, a empresa colaboradora entregará unha memoria cos resultados, individualizados, do mesmo, e realizará unha enquisa de satisfacción entre os participantes.

Sexta: Compensación económica

A entidade VIDEOXOGO PUNTOGAL. ASOC GALEGA DE VIDEOXOGOS E CONTIDOS INTERACTIVOS recibirá unha compensación económica polos gastos de xestión, seguimento e control das actividades que conforman o programa do Polo de aceleración de videoxogos por importe de 70.000 euros financiados ao 100% con Fondos REACT-UE con cargo á aplicación

orxamentaria 10.A1.432B 770.0 código de proxecto 2021.0001 dos orxamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia coa seguinte distribución:

Anualidade 2022: 50.000 euros

Anualidade 2023: 20.000 euros

De conformidade co disposto no artigo 72 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, o Consello da Xunta poderá autorizar a exención de constitución de garantías ás entidades colaboradoras.

Esta compensación económica, está destinada a sufragar os custes derivados da execución (xestión, seguimento e control) do polo de aceleración, sendo os gastos elixibles todos aqueles conceptos cuxa natureza respondan de xeito indubidable ás actividades obxecto deste convenio que non poderán ser superiores ao valor no mercado, tales como: persoal, que deberá ser contratado en exclusividade para o proxecto; desprazamentos, aloxamento e manutención, de ser o caso, por asistencia a eventos vinculados co desenvolvemento do proxecto (o custe por aloxamento e manutención non poderá superar os 150 euros/día e para os gastos de desprazamento cando sexa en vehículo particular calcularase a razón de 0,22 €/km.); gastos dunha liña de teléfono en exclusiva para o proxecto para o tempo de duración do mesmo; gastos en adquisición de equipamento ou material vinculados directamente ao desenvolvemento do proxecto e necesarios para a súa execución; gastos por custes indirectos que serán calculados a un tipo fixo de ata o 15% dos custes directos de persoal subvencionable seguindo o establecido nos artigos 67 e 68.1.b) do Regulamento (UE) 1303/2013.q.

Porén, non serán tidos en conta os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda, en cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o establecido no punto 2.c) da Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para o período 2014-2020.

A entidade colaboradora terá que cumprir as condicións de exención e os límites do artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos. O importe total das axudas de mínimos concedidas por un estado membro a única beneficiaria non excederá os 200.000 euros durante un período de tres exercicios fiscais consecutivos.

Esta compensación é incompatible con calquera axuda, subvención, ingreso ou recurso para o mesmo fin obxecto do convenio.

A entidade colaboradora, unha vez asinado o convenio, poderá solicitar pagos parciais do importe de compensación, ata o 80% do mesmo (artigo 62.2, Decreto 11/2009), sen

constituír garantía algunha, despois da aprobación do Consello da Xunta de Galicia en aplicación dos artigos 67.4 e 72.2 do Decreto 11/2009, Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Sétima. Protección de datos

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da compensación económica a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

En particular, os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, segundo o disposto nos artigos 125, apartado 2, artigo 140, apartados 3 e 5 e anexo XIII, apartado 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

5. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e coas demais disposicións vixentes na materia.

6. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á normativa europea, en particular:

- Na futura documentación de cada proxecto (materiais de promoción e distribución) deberá figurar «coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais, Xunta de Galicia», utilizando as súas marcas principais:

<http://www.agadic.gal/identidade>

<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>

- O cartón deberá incluír ademais a referencia ao financiamento con fondos FEDER. Así mesmo, en todos os materiais farase constar que a produción foi subvencionada polo FEDER e pola Xunta de Galicia, utilizando igualmente a marca principal.

- Facer constar na súa publicidade, incluída a realizada a través de páxinas web, ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento dos seus proxectos pola Xunta de Galicia e polo FEDER. Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta da persoa beneficiaria.

- Facer constar na súa publicidade, incluída a realizada a través de páxinas web, ou na información que xeren en relación cos proxectos subvencionados, o financiamento dos mesmos pola Xunta de Galicia e polo FEDER. Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta da persoa beneficiaria.

Oitava. Prazo de duración

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e os seus efectos estenderanse ata o 30 de outubro do 2023.

Novena. Interpretación do convenio

As cuestións xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas por Agadic e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou poderá interpoñerse directamente ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde ao día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se o dito acto for expreso. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima. Resolución, reintegro e gradación dos incumprimentos do convenio

Son causas de resolución deste convenio:

O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga

O acordo unánime das partes asinantes

O incumprimento total ou parcial das estipulacións contidas nas cláusulas ou no articulado da orde pola que se convoca o procedemento de selección de entidades colaboradoras, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes de axudas en curso

A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio

Calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente

Para os efectos do reintegro das subvencións, aplicarase o disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Neste sentido, a entidade colaboradora procederá ao reintegro total ou parcial da axuda e aos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da devandita Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada Lei e no Decreto 11/2009.

Consideraranse incumpridos os obxectivos do convenio cando non se xustifique, a lo menos, o 60% dos custos previstos no mesmo. O alcance do incumprimento determinarase en proporción ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente, e minorarase proporcionalmente a achega pública.

Nos seguintes casos de incumprimento reducirase a intensidade da compensación económica do seguinte xeito:

a) Se se incumprise a obriga de dar publicidade do financiamento do proxecto, consonte o establecido nesta resolución, aplicarase un factor de corrección do 2%

b) Se se incumprisen as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto, dando lugar a un informe final negativo, o incumprimento valorarase en función deste e suporá a aplicación dun factor de corrección igual á porcentaxe de incumprimento sinalada no informe técnico.

A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á apreciación conxunta destas, aplicando á intensidade da axuda o factor que resulte do produto de todos os factores de corrección. No caso de que algún dos factores de corrección sexa negativo, a intensidade da axuda será cero.

A aplicación do factor de corrección realizarase coa revisión da xustificación da última anualidade e, de ser o caso, requirirase a entidade colaboradora para que proceda á devolución dos fondos percibidos indebidamente. A falta de devolución destes nos prazos requiridos dará lugar á incoación do expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.

No caso das condicións que constitúan obrigas que a entidade colaboradora deba acreditar na fase de xustificación (deberes de publicidade, comunicación doutras axudas, etc), estas deberán xustificarse en todo caso para proceder ao pagamento, polo que a gradación fixada neste punto soamente resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso de que se detecten en controis posteriores ao pagamento por algún incumprimento relativo a estas obrigas.

Décimo primeira. Xustificación e pagamento

A entidade colaboradora xustificará ante Agadic a realización das actividades propostas no programa do Polo de Aceleración do sector dos videoxogos, para o que deberá remitir:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión dos logotipos da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo FEDER.
2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas e dos gastos derivados da xestión, seguimento e control do programa que, a lo menos, conterá:
 - Unha relación clasificada de gastos de todas as actividades, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]) así como as retencións de IRPF. A estes efectos, terán a consideración de gasto realizado en prazo, os ingresos a conta do IRPF ou cotas da Seguridade Social liquidables con posterioridade á data de execución. O importe destes ingresos e cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto no que se reflecta o importe da retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos do

pagamento no prazo máximo de dous meses dende a contar desde a presentación das liquidacións correspondentes.

- Unha memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas realizadas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade subvencionada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

3. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade colaboradora, de ser o caso.

4. A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona:

- A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

5. Certificado ou documentación pertinente do organismo competente de exención ou suxeición á obriga de declarar o IVE.

En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada. A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte da entidade beneficiaria remata o 12 de decembro de 2022, para a anualidade 2022 e o 1 de agosto para anualidade de 2023.

7. Unha vez recibida a documentación xustificativa e realizadas as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade obxecto deste convenio polos órganos competentes da Axencia, procederase ao seu pagamento.

Décimo segunda . Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira . Réxime xurídico

Para todo o non previsto neste convenio observárase a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como as restantes normas xerais de dereito administrativo.

Así mesmo, réxense polas normas comunitarias aplicables por razón do financiamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralles de aplicación a seguinte normativa comunitaria:

1. Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.

2. Regulamento (UE) núm. 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006.

3. Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020
4. Orde HAC/114/2021, de 5 de febreiro, pola que se modifica a Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos Programas Operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.
5. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- 6 Regulamento (UE) 2020/460 do Parlamento Europeo e o Consello, do 30 de marzo do 2020, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n1 1301/2013, (UE) núm. 1303/2013 e (UE) núm. 508/2014, no relativo a medidas específicas para mobilizar inversións nos sistema de atención sanitaria dos Estados membros e noutros sectores das súas economías, en resposta ao brote da COVID-19 (Iniciativa de investimento en resposta ao coronavirus).
7. Regulamento (UE) 2020/558 do Parlamento e o Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os Regulamentos (UE) 1301/2013 e (UE) 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos en resposta ao brote de COVID-19.
8. Regulamento (UE) 2020/2221 que establece as normas e disposicións de execución referentes aos recursos adicionais aportados en calidade de Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-UE), a fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía e o Regulamento (UE) 2020/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

En proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes asínano e rubrícano, no día e data da sinatura dixital

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital: 09/05/2022

Román Rodríguez González

Presidente do consello reitor da Axencia
Galega das Industrias culturais

María Luz Castro Pena

Presidenta de Videoxogo Puntogal.
Asoc. Galega de Videoxogos e
Contidos Interactivos